



Concello de
San Cibrao
das Viñas

Praza da Constitución nº1
San Cibrao das Viñas
32911 Ourense

web: www.sancibrao.es
mail: info@sancibrao.es
tífn: 988381034 fax: 988381101

PATRIMONIO NATURAL PAISAXÍSTICO

Invitámoste a descubrir o Concello de San Cibrao das Viñas, un concello cheo de ilusión e sorpresas. Un pobo alegre vivo e cun encanto especial. Un lugar acoledor que está disposto a recibir aos visitantes e dar a coñecer a riqueza do seu patrimonio, a súa cultura e a súa gastronomía.

Vertebrado polos ríos Barbaña e Barbadás, ambos protagonistas da súa beleza medioambiental axudan a crear multitude de espazos naturais.

A natureza vai salpicando o terreo, e vai creando ao seu paso paraxes naturais, para que o ser humano goce dun medio ambiente puro e cheo de enerxía moi preto da capital de provincia.

Por riba de todo, o maior valor deste pobo son as súas xentes, sempre dispostas a orientar ao forasteiro no seu periplo por este marabilloso concello.

ESPAZOS NATURAIS

En canto a espazos naturais cabe destacar:

A Boutureira (oeste). Como xa mencionamos anteriormente, é un espazo natural declarado de interese local. Conta cun total de 184 hectáreas moi próximas ao Concello de Barbadás. O encargado de proporcionar humidade e frescor a zona é o río Barbadas. Que tamén se encarga de por en funcionamento unha serie de muíños repartidos pola súa beira. Un conxunto de arborada de moi variadas características conforman unha paisaxe típica galega.

Según o sistema de referencia ETRS:

Lon.: 7° 53' 1.36" W

Lat.: 42° 15' 58.07" N

A Senda Verde (este). Inmersa no Polígono David Ferrer, xurde un espazo natural coidado polo concello e visitado por moitos curiosos, e traballadores do polígono que van descansar as súas inmediacións. É un espazo que conta con merendeiros, parque biosaludable, paneis informativos de área, postes orientativos de dirección, baleado, e accesibilidade mediante pontes para ir dunha veira cara a outra.



ÁREAS RECREATIVAS

O Concello de San Cibrao das Viñas conta ao longo dos seus 43 Km², cunha gran variedade de áreas recreativas espaxadas por as súas sete parroquias.

FLORA

ESPECIES ARBÓREAS AUTÓCTONAS:

CARBALLO COMÚN: árbore caducifolia corpulenta, que pode acadar 45 m de talla, con casca agrisada, bastante lisa, que acaba gretándose e escurecendo coa idade. Follas alternas, ovadas ou trasovadas, oblongas, auriculadas na base, con catro ou máis pares de lobos laterais obtusos. Miden 5-18 cm. de lonxitude e 3-10 cm. de anchura.

FREIXO: Fraxinus excelsior.

CASTIÑEIRO: Castanea sativa.

AMIEIRO: Alnus glutinosa.

SOBREIRA: Quercus suber L.

ÉRBEDO: Arbutus unedo.

ESPECIES NATURAIS:

HERBA DE SAN XOAN (Hypericum Perforatum)

CHANTAXE (Plantago maior)

ÁRNICA (Arnica montana)

HEDRA COMÚN (Hedera Helix)

MANZANILLA SILVESTRE

BOLSA DE PASTOR (Capsella bursa-pastoris)

FAUNA

LOBO (Canis Lupus)

ZORRO (Vulpes Vuleves)

ESQUÍO (Sciurus vulgaris)

XABARÍL (Sus Scrofa)

OURIZO (Erinaceus europaeus)

ÁGUIA REAL (Golden Eagle)

XENETA (Genetta Genetta)

COELLO (Oryctolagus cuniculus)